

(ANEXO I)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
área PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES

CURSO 2022 - 2023

2º E.S.O.

Departamento E.F.
I.E.S. Ramón Otero Pedrayo - A Coruña

Programación adaptada, no relativo aos elementos da programación didáctica das distintas áreas ou materias da ESO que imparten os distintos departamentos, ao artigo 24 da *RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016* (DOG 1 de agosto de 2016) da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os apartados relativos ao currículo estarase ao disposto ao *ORDE de 15 de xullo de 2015*, pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21 de xuño de 2015).

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN (páx.5)

CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
(páx.6)

**RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE E.F. QUE FORMAN PARTE
DOS PERFÍS COMPETENCIAIS** (páx.7)

CADRO RESUMO DO NÚMERO DE ESTÁNDARES POR COMPETENCIA E NIVEL. (páx.9)

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO (páx.10)

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

1º. Temporalización

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación

(páx.11)

ESQUEMA TEMPORAL UNIDADES DIDÁCTICAS (páx.13)

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA (páx.14)

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR (páx.15)

**CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO
ALUMNADO** (páx.15)

**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A
PRÁCTICA DOCENTE** (páx.16)

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES (páx.17)

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL (páx.18)

MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL (páx.18)

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (páx.19)

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN CADA CURSO (páx.20)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (páx.20)

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA (páx.21)

MODIFICACIÓN PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR (páx. 21)

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA Á ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN – Promoción de Estilos de Vida Saudables (páx. 22)

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

No ensino secundario propónse o **desenvolvemento integral** do alumnado a nivel **intelectual, motor, de equilibrio persoal e afectivo, de relación interpersoal e de actuación e inserción social**. Unha formación personalizada que propicie unha **educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos/as en tódolos ámbitos da vida** persoal, familiar, social e profesional.

As **finalidades educativas** desta etapa son:

- Transmitir a tódolos alumnos e alumnas os elementos básicos da **cultura**.
- Afianzar neles **hábitos de estudo e traballo** que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das súas capacidades.
- Formalos para asumir os seus **deberes** e exercer-los seus **dereitos**.
- Preparalos para a súa incorporación á **vida activa** ou para o acceso á educación secundaria postobrigatoria (**estudios posteriores**).

A **educación secundaria obrigatoria** contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as **capacidades que lles permitan**:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a **tolerancia, a cooperación e a solidariedade** entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os **dereitos humanos** e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha **sociedade plural**, e prepararse para o exercicio da **ciudadanía democrática**.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha **preparación básica no campo das tecnoloxías**, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e **aplicar os métodos para identificar os problemas** en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a **dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.**

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Estes obxectivos constitúen a principal referencia á hora de programar e planificar a práctica docente en cada unha das áreas; e así os obxectivos de cada área deben ter como meta o desenvolvemento, en distinto grado, das capacidades sinaladas nos primeiros. **A área de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.**

A materia trata de conseguir que, a través dunha aprendizaxe eminentemente práctica, **o alumnado adquiera e consolide un estilo de vida saudable propio que satisfaga as súas necesidades e que se axuste aos seus intereses,** tendo en conta que se atopa nun período especialmente sensible da súa vida no que a adopción de patróns de conduta cobra a máxima importancia.

CONTRIBUCIÓN DA PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Promoción de Estilos de Vida Saudables contribúe de xeito directo e claro á consecución das competencias claves:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A adquisición da **competencia en comunicación lingüística (CCL)** prodúcese en Promoción de Estilos de Vida Saudables do mesmo xeito que no resto das materias, ofrecendo unha variedade de intercambios comunicativos variados dentro da dinámica do traballo en aula, de forma individual, achegas e traballo en grupo, exposición diante

do resto de alumnado, etc.

A contribución da área á adquisición da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** prodúcese a través do desenvolvemento de diversos contidos carácter transversal, relacionados con outras materias como Educación Física e Bioloxía. Así toda a cuantificación de gasto enerxético a través da actividade física e o aporte enerxético a través da alimentación e a inxesta calórica.

O traballo de aprendizaxe activo e significativo desenvólto na área de Promoción de Estilos de Vida Saudables faise fundamentalmente a través da procura de información en Internet e desenvolvemento duns apuntes individualizados no ordenador de aula. Por iso é fundamental a adquisición de coñecementos básicos de usuario activo en manexo de programas como buscadores de información en Internet, contas de correo, almacenamento e traballo na nube, creación de traballos e presentacións e ferramentas colaborativas. Estamos de xeito importante desenvolvendo a **competencia dixital (CD)** do alumnado.

Promoción de Estilos de Vida Saudables axuda á consecución da competencia para **aprender a aprender (CAA)** de forma moi directa xa que trata de conseguir que, a través dunha aprendizaxe eminentemente práctica, construtiva e activa; o alumnado adquira e consolide hábitos e comportamentos saudables que satisfagan as súas necesidades e que se axusten aos seus intereses.

Desde o punto de vista materia **as competencias sociais e cívicas (CSC)** incorpora a capacidade de establecer dinámicas persoais e grupais que lles permitan ao alumnado unha máis duradeira e mellor calidade de vida. Esta competencia tamén relaciona o dereito que toda a cidadanía ten á saúde coa promoción da actividade física no período escolar. A inactividade física é un problema importante de saúde pública. A visión dunha mocidade sedentaria, observadora deportiva e afastada da práctica motora, con índices crecentes de obesidade e problemas de saúde realmente alarmantes establece como prioridade social a educación para a prevención de comportamentos de risco e a promoción da actividade física como base de cultivo de hábitos saudables. Ao mesmo tempo remarca a importancia do dereito a unha boa e variada alimentación como pilar fundamental dunha vida saudable. Así como dotar o alumnado das ferramentas básicas para se enfrontar con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a súa saúde (alcohol, tabaco, drogas, etc.)

A Promoción de Estilos de Vida Saudables promove de forma singular a consecución **do sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** das alumnas e dos alumnos. Preténdese vincular ao alumnado a prácticas saudables, a través de aprendizaxes que teñan unha carga emocional positiva e que poidan aplicar nas vivencias do seu día a día. Poñer en práctica un plan de intervención e promoción dun estilo de vida activo tanto para el mesmo como para as persoas do seu contorno, con especial atención á familia.

A área contribúe á **conciencia e expresións culturais (CCEC)** de forma indirecta. Ao poñer en marcha plans de actividade diaria activa que inclúan a práctica de actividade física e deportiva supón para o alumnado a práctica e o coñecemento das actividades físicas, deportivas e artísticas. Supón apreciar, comprender e valorar as manifestacións culturais da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza, e consideralos como parte fundamental duns hábitos e comportamentos activos.

RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE E.F. QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

SEGUNDO CURSO DE E.S.O.

| Promoción de Estilos de Vida Saudables 2º de ESO | |
|--------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Comunicación lingüística (CCL) | |
| 1 | ---- |
| Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) | |
| 1 | PEVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade. |
| 2 | PEVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora. |

| | |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 3 | PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías. |
| 4 | PEVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado. |
| 5 | PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo. |
| 6 | PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable. |
| 7 | PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.). |
| 8 | PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc. |
| 9 | PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios. |
| 10 | PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. |
| 11 | PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria. |
| 12 | PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado. |
| 13 | PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado. |
| 14 | PEVSB2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria. |
| 15 | PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde. |
| Competencia dixital (CD) | |
| 1 | PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable. |
| 2 | PEVSB1.4.1. Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade. |
| 3 | PEVSB1.4.2. Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá. |
| 4 | PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado. |
| Aprender a aprender (CAA) | |
| 1 | PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías. |
| 2 | PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo. |
| 3 | PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable. |
| 4 | PEVSB1.4.1. Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade. |
| 5 | PEVSB1.4.2. Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá. |
| 6 | PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.). |
| 7 | PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios. |
| 8 | PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. |

| | |
|-------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 9 | PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado. |
| 10 | PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolve-la durante un período de tempo acordado. |
| 11 | PEVSB2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria. |
| 12 | PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde. |
| Competencias sociais e cívicas (CSC) | |
| 1 | PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo. |
| 2 | PEVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.). |
| 3 | PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.). |
| 4 | PEVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.). |
| Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) | |
| 1 | PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.). |
| 2 | PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolve-la durante un período de tempo acordado. |
| Conciencia e expresións culturais (CCEC) | |
| 1 | ---- |

CADRO RESUMO DO NÚMERO DE ESTÁNDARES POR COMPETENCIA E NIVEL.

| Promoción de Estilos de Vida Saudables ESO | |
|-------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| | 1º/2º de ESO |
| Comunicación lingüística (CCL) | 0 |
| Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) | 15 |
| Competencia dixital (CD) | 4 |
| Aprender a aprender (CAA) | 12 |
| Competencias sociais e cívicas (CSC) | 4 |
| Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) | 2 |
| Conciencia e expresións culturais (CCEC) | 0 |
| <i>Suma estándares por nivel</i> | 37 |

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO

SEGUNDO CURSO DE E.S.O.

Os **obxectivos da área de Promoción de Estilos de Vida Saudables de E.S.O.** establecen as capacidades que se espera que adquiran os alumnos e alumnas ó finalizar este curso. Estas capacidades preséntanse de forma interrelacionada como ocorre no comportamento habitual das persoas, contribuíndo e influíndo ó mesmo tempo en moitos dos obxectivos e finalidades da etapa:

1. Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde
2. Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.
3. Aplicar un plan para o incremento da actividade física saudable ao longo do día, utilizando os recursos dispoñibles no contorno.
4. Diseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria.
5. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria.
6. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.
7. Diseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables.
8. Diseñar dietas sinxelas, aplicando as recomendacións segundo idade, sexo e actividade física diaria durante un período de tempo acordado.
9. Facer unha escolla axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:**1º. Temporalización.****2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.****3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.****SEGUNDO CURSO DE E.S.O.**

| Promoción de Estilos de Vida Saudables 2º de ESO | | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| Bloque 1. Actividade física e saúde | | | |
| PEVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade. | Trimestre 1 - setembro, outubro, novembro, decembro. U.D.1 – <i>Introducimos os contidos da área. Necesitamos coidarnos para vivir máis e mellor.</i> U.D.2 – <i>Coñecemos e relacionamos a actividade física e a saúde. Analizamos o noso estado de saúde e a nosa actividade física e que debemos cambiar. Facemos un plan para o incremento da actividade física diaria individual.</i> | Sinalar principais beneficios da actividade física regular. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora. | Trimestre 1 novembro, decembro. U.D.2 – <i>Coñecemos e relacionamos a actividade física e a saúde. Analizamos o noso estado de saúde e a nosa actividade física e que debemos cambiar. Facemos un plan para o incremento da actividade física diaria individual.</i> | Identificar principais parámetros de saúde. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías. | Trimestre 1 novembro, decembro. U.D.2 – <i>Coñecemos e relacionamos a actividade física e a saúde. Analizamos o noso estado de saúde e a nosa actividade física e que debemos cambiar. Facemos un plan para o incremento da actividade física diaria individual.</i> | Coñecer o seu peso, talla, IMC, pulsacións en repouso e tras esforzo moderado. | Actividades prácticas e posta en común. |
| PEVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado. | Trimestre 1 novembro, decembro. U.D.2 – <i>Coñecemos e relacionamos a actividade física e a saúde. Analizamos o noso estado de saúde e a nosa actividade física e que debemos cambiar. Facemos un plan para o incremento da actividade física diaria individual.</i> | Elaborar un diario da actividade física realizada á semana. | Actividades prácticas e posta en común. |
| PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo. | Trimestre 1 novembro, decembro. U.D.2 – <i>Coñecemos e relacionamos a actividade física e a saúde. Analizamos o noso estado de saúde e a nosa actividade física e que debemos cambiar. Facemos un plan para o incremento da actividade física diaria individual.</i> | Elaborar plan para incrementar a actividade física diaria. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable. | Trimestre 1 novembro, decembro. U.D.2 – <i>Coñecemos e relacionamos a actividade física e a saúde. Analizamos o noso estado de saúde e a nosa actividade física e que debemos cambiar. Facemos un</i> | Localizar recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física. | Traballo individualizado e posta en común. |

| | | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| | <i>plan para o incremento da actividade física diaria individual.</i> | | |
| PEVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.). | Trimestre 3 - maio, xuño. U.D.6 – Adquirimos e utilizamos estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física e a alimentación. | Adquirir estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB1.4.1. Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade. | Trimestre 2 - xaneiro, febreiro. U.D.3 – Deseñamos plans para o fomento e o incremento da actividade física saudable no noso entorno. | Deseñar un plan de mobilidade activa no contorno próximo. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB1.4.2. Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá. | Trimestre 2 - xaneiro, febreiro. U.D.3 – Deseñamos plans para o fomento e o incremento da actividade física saudable no noso entorno. | Deseñar guía, mural o tríptico impreso ou dixital para o incremento da actividade física. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.). | Trimestre 2 - xaneiro, febreiro. U.D.3 – Deseñamos plans para o fomento e o incremento da actividade física saudable no noso entorno. | Organizar actividades no medio natural ou urbano para o fomento da actividade física. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| Bloque 2. Alimentación para a saúde | | | |
| PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc. | Trimestre 1 - setembro, outubro. U.D.1 – Introducimos os contidos da área. Necesitamos coidarnos para vivir máis e mellor. Trimestre 2 - febreiro, marzo. U.D.4 – Coñecemos e relacionamos alimentación e saúde. Analizamos a nosa inxestión alimentaria e que debemos cambiar. Facemos un plan para mellorar a nosa dieta. | Coñecer as principais recomendacións dietéticas e de hidratación. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios. | Trimestre 2 - febreiro, marzo. U.D.4 – Coñecemos e relacionamos alimentación e saúde. Analizamos a nosa inxestión alimentaria e que debemos cambiar. Facemos un plan para mellorar a nosa dieta. | Describir os alimentos e os modelos de dieta atlántica e mediterránea. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. | Trimestre 2 - febreiro, marzo. U.D.4 – Coñecemos e relacionamos alimentación e saúde. Analizamos a nosa inxestión alimentaria e que debemos cambiar. Facemos un plan para mellorar a nosa dieta. | Rexistra, analiza e avalía a inxestión alimentaria durante unha semana. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria. | Trimestre 2 - febreiro, marzo. U.D.4 – Coñecemos e relacionamos alimentación e saúde. Analizamos a nosa inxestión alimentaria e que debemos cambiar. Facemos un plan para mellorar a nosa dieta. | Coñecer as recomendacións de inxestión alimentaria e compáraas coas propias. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.). | Trimestre 3 - maio, xuño. U.D.6 – Adquirimos e utilizamos estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física e a alimentación. | Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación. | Traballo individualizado e posta en común. |

| | | | |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|
| PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado. | Trimestre 3 - abril, maio. U.D.5 – Deseñamos plans para o fomento e o incremento da alimentación sa e no noso entorno. | Deseñar guía, mural o tríptico impreso ou dixital para unha alimentación sa e variada. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almozos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado. | Trimestre 3 - abril, maio. U.D.5 – Deseñamos plans para o fomento e o incremento da alimentación sa e no noso entorno. | Deseñar unha proposta de almozos e merendas saudables, e desenvolvela durante un período de tempo. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB2.5.1. Elaborar unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria. | Trimestre 2 - febreiro, marzo. U.D.4 – Coñecemos e relacionamos alimentación e saúde. Analizamos a nosa inxestión alimentaria e que debemos cambiar. Facemos un plan para mellorar a nosa dieta. | Elaborar unha lista da compra semanal para a realización dunha dieta semanal sa e variada. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde. | Trimestre 2 - febreiro, marzo. U.D.4 – Coñecemos e relacionamos alimentación e saúde. Analizamos a nosa inxestión alimentaria e que debemos cambiar. Facemos un plan para mellorar a nosa dieta.. | Interpretar correctamente a etiquetaxe nutricional do produtos alimenticios. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |

ESQUEMA TEMPORAL UNIDADES DIDÁCTICAS:

| Promoción de Estilos de Vida Saudables 1º/2º de ESO | | | |
|-----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| Temporalización | Unidades didácticas | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| setembro | U.D.1 – Introducimos os contidos da área. Necesitamos coirmos para vivir máis e mellor. | PEVSB1.1.1 - PEVSB2.1.1. | CMCCT |
| outubro | | | |
| novembro | U.D.2 – Coñecemos e relacionamos a actividade física e a saúde. Analizamos o noso estado de saúde e a nosa actividade física e que debemos cambiar. Facemos un plan para o incremento da actividade física diaria individual. | PEVSB1.1.1. - PEVSB1.1.2. - PEVSB1.2.1. - PEVSB1.2.2. - PEVSB1.3.1 - PEVSB1.3.2. | CMCCT – CAA – CSC – CD |
| decembro | | | |
| xaneiro | U.D.3 – Deseñamos plans para o fomento e o incremento da actividade física saudable no noso entorno. | PEVSB1.4.1. - PEVSB1.4.2. - PEVSB1.4.3. | CD – CAA – CMCCT – CSC – CSIEE |
| febreiro | | | |
| marzo | U.D.4 – Coñecemos e relacionamos alimentación e saúde. Analizamos a nosa inxestión alimentaria e que debemos cambiar. Facemos un plan para mellorar a nosa dieta. | PEVSB2.1.1. - PEVSB2.1.2. - PEVSB2.2.1. - PEVSB2.2.2. - PEVSB2.5.1. - PEVSB2.5.2. | CMCCT – CAA |
| abril | U.D.5 – Deseñamos plans para o fomento e o incremento da alimentación sa e no noso entorno. | PEVSB2.3.1. - PEVSB2.4.1 | CD – CAA – CMCCT – CSC – CSIEE |
| maio | | | |
| xuño | U.D.6 – Adquirimos e utilizamos estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física e a alimentación. | PEVSB1.3.3. - PEVSB2.2.3. | CSC - CD |

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Consideramos a aprendizaxe como un proceso de construción do alumno guiado polo profesor. Por iso, **será necesario empregar estratexias didácticas ou diferentes métodos adecuadas á situación, ó alumnado ou ó contido que vaíamos abordar.**

En todo caso, tendo en conta as características da área de Promoción de Estilos de Vida Saudables debemos utilizar unha **metodoloxía eminentemente práctica**, na que o alumnado adquira e consolide un estilo de vida saudable propio que satisfaga as súas necesidades e que se axuste aos seus intereses, vinculando ao alumnado a prácticas saudables, a través de aprendizaxes que teñan unha carga emocional positiva e que poida aplicar nas vivencias do seu día a día.

Utilizaranse metodoloxías que poidan mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes en situacións moi próximas á realidade vivida polo alumnado, que estimulen a súa creatividade e sexan capaces de crear aprendizaxes significativas.

Os alumnos e alumnas realizarán un **traballo individual e colaborativo**, xunto con achegas en grupos reducidos e postas en común diante da clase e publicacións dos seus traballos no entorno escolar . O alumnado traballará gran parte do seu tempo mediante **descubrimento guiado polo profesor, e aprendizaxe construtiva e significativa.**

As metodoloxías empregadas adaptaranse ao nivel de desenvolvemento cognitivo dos primeiros cursos de ESO, e valorando as diferenzas de maduración entre o alumnado de 1º e de 2º nun ano no que se producen grandes cambios nun curto período de tempo.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR

Apoiáronos nun **uso intensivo dos medios informáticos** tendo en que conta que dispoñemos de aulas abalar. O alumnado usará frecuentemente os ordenadores abalar para a busca de información en Internet para construír os coñecementos básicos da área, e para a realización de pequenas investigacións e traballos individuais e grupais.

Nalgunhas sesións utilizarase o equipamento e material de Educación Física para o desenvolvemento do bloque de actividade física e saúde.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Co fin de darlles aos alumnos unhas pautas, e buscar no posible unha máxima obxectividade no reflexo da consecución dos obxectivos na cualificación, seguirase os seguintes criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificación nas avaliacións trimestrais. (0 a 10 puntos)

Establecerase como o resultado da **nota media de tódalas cualificacións obtidas** polo alumno/a dende o principio de curso ata o momento da avaliación. Valoraranse todas de 0 a 10 puntos.

A nota media resultante das probas anteriores **será minorada en 0,25 puntos (ata un máximo de 3 puntos) por cada anotación de carácter actitudinal** que o profesor leva a diario.

Desta forma os alumnos/as deben asumir como seus tódolos **deberes** que a **lei** e a **normativa** do **centro** lles obriga e moi especialmente:

- Participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento da programación.
- Seguir as orientacións do profesor respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
 - Respetar o exercicio do dereito ó aprendizaxe dos seus compañeiros.
 - Actuar sen ningún tipo de discriminación.
- Coidar e utilizar axeitadamente os bens mobles, equipamento informático e as instalacións do centro e respectar as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.

Desta forma, insístese en que **os alumnos/as teñen a obriga de seguir estas normas**, xa que **íranse anotando tódolos incumprimentos significativos** en relación as normas e condutas anteriores.

Cualificación na avaliación do curso. (0 a 10 puntos)

AVALIACIÓN ORDINARIA

Establecerase como o resultado da **nota media de tódalas cualificacións obtidas** polo alumno/a **durante o curso**.

Avaliación positiva na área de Promoción de Estilos de Vida Saudables a aqueles alumnos e alumnas que teñan unha **cualificación suficiente (igual ou superior a cinco puntos)** na avaliación do curso. No caso contrario o alumno/a terá **avaliación negativa** na área e poderá realizar unha proba extraordinaria a finais de xuño.

No caso dos **alumnos/as que perderan o dereito á avaliación continua** serán avaliados a través dunha **proba teórica máis un traballo de carácter práctico**, sendo a media resultante das dúas probas a nota da avaliación.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Os alumnos/as **serán avaliados a través dunha proba teórica máis un traballo de carácter práctico que deberá entregar o día do exame**, sendo a media resultante das dúas probas a nota da avaliación.

Criterios de promoción:

Garantirase a **avaliación positiva** na área de Promoción de Estilos de Vida Saudables a aqueles alumnos e alumnas que teñan unha **cualificación suficiente (igual ou superior a cinco puntos)** resultante do punto anterior.

Aquel alumno/a que promociione de curso coa área de Promoción de Estilos de Vida Saudables suspensa (pendente) deberá superala posteriormente.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Despois de cada avaliación, **analizarase os resultados e revisarse a programación** igualmente, e anotarase todos aqueles cambios que se consideren de cara o seguinte trimestre ou de cara o próximo curso no mesmo trimestre.

De xeito global, en xuño valorárase o cumprimento da programación, así como os resultados do mesmo e polo tanto o maior ou menor éxito na nosa práctica docente.

Poderanse complementar a autoavaliación con **enquisas cubertas polo alumnado** onde se valore o grado de satisfacción, aspectos positivos e negativos en relación ás unidades didácticas cursadas, a práctica docente do profesor, aspectos da área cursada, e actividades extraescolares ou complementarias realizadas

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Neste curso, temos 1 alumno/a coa materia pendente. .

Para a superación da materia pendente determínanse **dous procedementos que non son mutuamente excluíntes**:

- **Avaliación positiva do plan de traballo** seguido polo alumno/a.
- **Avaliación positiva nas probas finais no mes de maio e de xuño** para pendentes.

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

SETEMBRO

Entrega da actividades e tarefas que debe ir facendo ata finais de novembro.

DECEMBRO

Entrega da actividades e tarefas que debe ir facendo ata finais de febreiro.

Semanalmente, os alumnos/as poderán utilizar un dos períodos non lectivos para realizar consultas co profesor/a do departamento que tiveron como profesor da materia pendente para **resolver calquera dúbida** ó respecto do traballo que se lle asignou.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

→ **Avaliación positiva do plan de traballo**

NOVEMBRO / FEBREIRO

Recollida das actividades e tarefas realizadas polos alumnos/as valoración das mesmas de xeito global cunha nota numérica de cero a dez sen decimais.

Realización dunha proba presencial en relación ás actividades e tarefas realizadas polos alumnos. Valoración da mesma de xeito global cunha nota numérica de cero a dez se decimais.

Valoración global: 70% da nota das tarefas realizadas previamente + 30% da proba presencial.

Sendo a valoración global igual ou maior a cinco, considéranse superados todos aqueles mínimos relacionados coas actividades e tarefas realizados en cada parcial.

Martes 22 de novembro ás 18:00h /

Martes 28 de febreiro ás 18:00h

Aqueles alumnos/as que tivesen unha cualificación igual ou superior a cinco tralas actividades de avaliación de novembro e febreiro terán superada a materia. No caso de ter unha das partes cualificadas positivamente, esta poderá ser validada de cara as probas finais de maio e xuño.

→ **Avaliación positiva nas probas finais no mes de maio e de setembro para pendentes**

En **maio e xuño** todos aqueles alumnos/as que non teñan superada a materia. Serán **avaliados a través dunha**

proba teórica (30%) máis a entrega dos traballos non realizados (70%), sendo a media resultante das dúas a nota da avaliación. Considerase superada a materia tras alcanzar unha nota global igual ou superior a cinco.

Datas para **maio**:

Martes 9 de maio ás 18:00h

Xuño (segundo calendario de probas extraordinarias)

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A **Avaliación inicial** é aquela que se leva a cabo ó comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe e permite identifica-lo punto de partida dos alumnos coa finalidade de adecuar o proceso á realidade do grupo. Debéranse ter en conta os coñecementos previos do alumno para a programación das actividades que de forma progresiva permitan acadalos novos coñecementos. É máis necesaria cos alumnos nos que se ten por primeira vez contacto xa que temos un maior descoñecemento deles.

Realízase unha **avaliación centrada no alumno**.

MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL.

En función dos resultados da avaliación inicial dos alumnos/as poderemos axustar os aspectos seguintes da nosa práctica, tanto a nivel individual como a nivel de grupo aula ou incluso nivel:

- A avaliación.
 - Modificando os criterios específicos.
 - Modificando os instrumentos e procedementos.

- A metodoloxía.
 - Aplicando métodos alternativos.
 - Seleccionando actividades alternativas e/ou complementarias.
 - Utilizando material didáctico específico.
 - Modificando os agrupamentos do alumnado.
 - Modificando o tempo asignado á realización de certas actividades

- Os contidos.
 - Identificando os contidos básicos para aqueles alumnos e alumnas con dificultades.

- Propoñendo contidos alternativos e/ou complementarios.
- Eliminando contidos sen afectar aos mínimos.
- Modificando a secuencia de contidos.

- Os obxectivos.
 - Traballando unicamente os obxectivos básicos con alumnos con dificultades.
 - Establecendo obxectivos alternativos e/ou complementarios.
 - Eliminando obxectivos sen afectar aos mínimos.
 - Modificando a secuencia de obxectivos.

- A temporalización.
 - Variando a temporalización da programación anual.
 - Variando a temporalización de determinados contidos ou obxectivos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A ESO implica unha diversidade de alumnado moi significativa, xa que, ó ampliarse a obrigatoriedade do ensino, aumentan as diferenzas nas idades nun mesmo curso, nas traxectorias escolares dos alumnos, nas expectativas ante o sistema educativo, etc. Estes factores obrigáronos a atender a esta diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos escolares, adaptando as nosas programacións ás características específicas de determinados alumnos.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Axustaremos a nosa práctica docente variando a metodoloxía, os procedementos e métodos da avaliación, a realización de tarefas, o seu agrupamento e orde, a súa temporalización,... e tódolos demais elementos non normativos do currículo para adecuarnos ós alumnos e alumnas que presenten dificultades no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Non se realizarán actividades de recuperación no sentido literal da palabra xa que ó darse o proceso de ensino-aprendizaxe e a súa avaliación de modo continuo e global procederemos a un traballo das distintas unidades didácticas ó longo dos trimestres do curso e faremos unha retroalimentación continua dos obxectivos acadados polos alumnos e alumnas para axustar a nosa práctica.

Para os alumnos e alumnas que teñan unha avaliación positiva respecto á consecución dos obxectivos mínimos do seu curso presuponse que recuperaron satisfactoriamente os obxectivos das unidades didácticas nas que teñan unha avaliación previa non suficiente.

Aqueles alumnos que, despois de realizar unha proba extraordinaria para supera-la área pendente de cursos anteriores, acaden unha cualificación positiva entenderase que recuperaron todos aqueles obxectivos do respectivo curso.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Nos casos que as modificacións ordinarias da nosa práctica docente non sexan suficientes para que algún alumno ou alumna poda seguir o desenvolvemento normal das clases, realizarase unha adaptación curricular individualizada en

colaboración co departamento de orientación, e nela propoñeráse as modificacións necesarias referentes os obxectivos mínimos, contidos, e criterios de avaliación para o alumno ou alumna.

No presente ano académico non prevemos a necesidade de adaptacións curriculares a non ser que xurda algunha carencia significativa durante o desenvolvemento do ano escolar.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Os proxectos curriculares de centro deben incorporar unha serie de aspectos de máxima relevancia para a sociedade actual que non forman parte específica de ningún DCB en concreto coa intención de que sexan tratados en tódalas áreas. Estámonos a referir ós temas transversais. O tratamento destes contidos en Promocións de Estilos de Vida Saudables ten un papel relevante, xa que é a área con máis posibilidades de organizar e levar nalgún deles.

- **Educación para a saúde:** É o obxectivo central da área, proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan adquirir e instaurar un estilo de vida saudable que se manteña no tempo.
- **Coñecemento e igualdade de oportunidades entre os sexos:** As actividades físicas serven como base para o desenvolvemento do bloque *Actividade física e saúde*, nelas é moi importante ter en conta o respecto das características de cada sexo e como superación de estereotipos sexistas no deporte, nas actividades físicas en xeral e na vida cotiá.
- **Educación para o consumidor:** No bloque *Alimentación para a saúde* resulta esencial que se faga fincapé na importancia da calidade e composición dos alimentos por riba de marcas e os alumnos teñan unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de comida rápida de baixa calidade nutricional.
- **Educación ambiental:** Faremos especial fincapé na concienciación do respecto polo entorno natural e urbano no desenvolvemento proxectos fisicamente activos, así como a valoración dos orixes respectuosos co medio dos produtos que mercamos.
- **Educación para a paz:** Promoveremos actitudes de convivencia, respecto, colaboración e solidariedade, fomentando as actitudes de diálogo entre os alumnos e integrar alumnos de diferentes colectivos ou culturas.
- **Educación vial:** No bloque de *Actividade física e saúde* se fomentarán esquemas motores que terán unha transferencia positiva a situacións normais de comportamento no medio urbano ou vial.
- **Educación moral e cívica:** fomentaremos actitudes de respecto polas normas construídas democraticamente, aceptación das diferenzas, cooperación e tolerancia.

Por outra banda os obxectivos xerais de etapa son a proposta global das aprendizaxes que deben acadalos alumnos partindo da contribución de cada área, polo tanto debe existir unha certa transversalidade tamén a nivel de elementos dos currículos das distintas áreas para aportar unha maior coherencia ó proceso de ensino-aprendizaxe do alumno ou alumna na súa correspondente etapa.

A forma máis interesante de levar a cabo estas actividades é realizándoas desde varias áreas, para iso vai ser necesario elaborar Unidades Didácticas de maneira conxunta, ou mesmo actividades complementarias ou extraescolares.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o curso 2022 – 2023 iranse retomando as actividades complementarias e extraescolares segundo a situación Covid-19 así o permita. Ditas actividades serán incluídas na Programación Xeral Anual, e estarán condicionadas a evolución da situación sanitaria así como as posibles restricións que poida haber, a nivel de localidade e a nivel das pro-

pías actividades.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A **programación** marca o noso **referente no proceso de ensino e aprendizaxe**, pero debe ser interpretada sempre con flexibilidade e como algo **susceptible de modificación e adaptación** en función dos resultados obtidos, así como do **feedback continuo** que se establece en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Neste proceso continuo de adaptación e readaptación, as **modificacións na secuenciación e temporalización das unidades didácticas** reflectiranse na memoria do departamento e **poderán dar lugar a posibles cambios na propia programación** de cara a vindeiros cursos. E así debe entenderse o feito de programar no nivel máis próximo ao grupo clase. Así reflectiremos nas actas do departamento a mediados de trimestre o cumprimento da programación en cada curso e posibles modificacións necesarias.

Así mesmo, despois de cada avaliación, **analizarase os resultados e revisarse a programación** igualmente, e anotarase todos aqueles cambios que se consideren de cara o seguinte trimestre ou de cara o próximo curso no mesmo trimestre.

De xeito global, en xuño e setembro valorárase o cumprimento da programación, así como os resultados do mesmo e polo tanto o maior ou menor éxito na nosa práctica docente.

Poderanse complementar a autoavaliación con **enquisas cubertas polo alumnado** onde se valore o grado de satisfacción, aspectos positivos e negativos en relación ás unidades didácticas cursadas, a práctica docente do profesor, aspectos da área cursada, e actividades extraescolares ou complementarias realizadas.

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

Neste curso 2022-2023 tendo o conta que xa remataron os protocolos Covid, as modificacións irán encamiñadas na maioría das ocasións cara á volta dunha nova normalidade, coa volta de organización de actividades no pavillón, mesturando cursos e facendo actividades conxuntas.

Igualmente trasladarase tarefas e recursos á aula virtual para complementar as clases presenciais e substituír as mesmas no caso de ensino non presencial. Igualmente sirva como guía de reforzo para aqueles alumnos coa materia pendentes.

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA Á ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN

Promoción de Estilos de Vida Saudables

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes, para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos, os estándares de aprendizaxe recollidos na presente programación de PEVS.

ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO E RECUPERACIÓN

Así , tras a avaliación do terceiro parcial, aqueles alumnos/as que non acaden o cinco segundo os criterios de cualificación establecidos na presente programación seralles entregado un informe de avaliación individualizado indicando a relación de estándares de aprendizaxe non acadados, o grao mínimo de consecución requirido para cada un deles, e os procedementos e instrumentos de avaliación que se van a utilizar.

Este informe será obtido a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis reflectidos no correspondente apartado da presente programación.

O alumnado, en base a este informe e conforme os procedementos e instrumentos de avaliación sinalados no mesmo, realizará as actividades e traballos necesarios durante as clases de PEVS desde a primeira semana de xuño ata o día 21 inclusive. Ditas actividades poderán ser complementadas coas correspondentes tarefas da Aula Virtual que non fosen superadas durante as avaliacións parciais.

O alumnado coa materia pendente que non fose avaliado positivamente na avaliación do terceiro parcial, seralle entregado igualmente un informe individualizado referido á dita materia e deberá realizar todas as tarefas e traballos sinalados no mesmo.

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

O alumnado que tras a avaliación do terceiro parcial, acade unha avaliación positiva poderá realizar actividades e traballos de ampliación, ofertándolles unha serie de tarefas a través da aula virtual.

INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os instrumentos de avaliación serán aqueles referidos na programación, e nos plans individualizados, para cada estándar avaliábeis.

Ao finalizar xuño, o alumnado será cualificado novamente en base as tarefas e actividades realizadas segundo o seu plan individualizado de apoio, reforzo e recuperación ou aquelas tarefas de actividades de ampliación; conformando unha nova cualificación media que será reflectida na avaliación final.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Ao finalizar o terceiro parcial, entregarase aos alumnos que non acadaron a avaliación positiva o informe individualizado, dita entrega será informada aos pais/nais/responsables a través de comunicación Abalar.

Na páxina web do centro, no departamento de EF, materia de PEVS publicarase a presente adecuación curricular.

MODELOS BASE PARA OS INFORMES INDIVIDUALIZADOS**PEVS 2ºE.S.O.**

| Promoción de Estilos de Vida Saudables 2º de ESO | | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|
| Estándares de aprendizaxe | Acadou si ✓ / non ✗ | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| Bloque 1. Actividade física e saúde | | | |
| PEVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade. | <input type="checkbox"/> | Sinalar principais beneficios da actividade física regular. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora. | <input type="checkbox"/> | Identificar principais parámetros de saúde. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías. | <input type="checkbox"/> | Coñecer o seu peso, talla, IMC, pulsacións en repouso e tras esforzo moderado. | Actividades prácticas e posta en común. |
| PEVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado. | <input type="checkbox"/> | Elaborar un diario da actividade física realizada á semana. | Actividades prácticas e posta en común. |
| PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo. | <input type="checkbox"/> | Elaborar plan para incrementar a actividade física diaria. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable. | <input type="checkbox"/> | Localizar recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.). | <input type="checkbox"/> | Adquirir estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB1.4.1. Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade. | <input type="checkbox"/> | Deseñar un plan de mobilidade activa no contorno próximo. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB1.4.2. Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá. | <input type="checkbox"/> | Deseñar guía, mural o tríptico impreso ou dixital para o incremento da actividade física. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, | <input type="checkbox"/> | Organizar actividades no medio natural ou urbano para o fomento da actividade física. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |

| grupo clase, centro, amizades, etc.). | | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|
| Bloque 2. Alimentación para a saúde | | | |
| PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc. | <input type="checkbox"/> | Coñecer as principais recomendacións dietéticas e de hidratación. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios. | <input type="checkbox"/> | Describir os alimentos e os modelos de dieta atlántica e mediterránea. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. | <input type="checkbox"/> | Rexistra, analiza e avalía a inxestión alimentaria durante unha semana. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria. | <input type="checkbox"/> | Coñecer as recomendacións de inxestión alimentaria e compáraas coas propias. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |
| PEVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.). | <input type="checkbox"/> | Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación. | Traballo individualizado e posta en común. |
| PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado. | <input type="checkbox"/> | Deseñar guía, mural o tríptico impreso ou dixital para unha alimentación sa e variada. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolve-la durante un período de tempo acordado. | <input type="checkbox"/> | Deseñar unha proposta de almorzos e merendas saudables, e desenvolve-la durante un período de tempo. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria. | <input type="checkbox"/> | Elaborar unha lista da compra semanal para a realización dunha dieta semanal sa e variada. | Traballo en pequenos grupos e posta en común. |
| PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde. | <input type="checkbox"/> | Interpretar correctamente a etiquetaxe nutricional do produtos alimenticios. | Traballo individualizado e posta en común. Preguntas cortas proba teórica. |

A Coruña, a 16 de Setembro de 2022.

Cristina de Prada Creo.

Xefa departamento Educación Física.